

Terreos

1921

2


2021

O Garañón e a Costa Grande do Baño

O lugar elixido polo Concello para crear o Parque foi unha zona do sitio coñecido como o Garañón, tanto polas condicións do terreo, como pola situación e especialmente pola “espléndidez e fermosura do panorama que desde el se divisa”.

O espazo consta de dúas partes ben diferenciadas topográficamente: A primeira é unha parte chaira, cun lixeiro desnivel que foi corrixido mediante recheo e creación dun muro de contención de terras, que permitiu formar o que chamaron a **Balconada do Garañón**. A segunda cun desnivel pronunciado cara ao río Miño, que na Idade Media pola súa favorable orientación ao SO estivo dedicada a viña e despois plantouse de castiñeiros, coñecida como **Costa Grande do Baño** e cando se adquiriu para o parque como **Leira da Viña**. Os primeiros traballos faríanse no que chaman “parte alta”, ou Garañón, situado

nas inmediacións do barrio de Recatelo e termos do lugar de Fingoi, parroquia de San Pedro, onde había diversas terras de cultivo divididas en cortiñas con distintos nomes e propietarios, un lugar asollado, ventilado e



Emprazamento do parque. Na parte superior esquerda o Pazo de Miraflores ou Casa da Viña

con fermosas vistas sobre o val do Miño, límite dunha zona habitada en época romana. As parcelas pertencían a **cortiñas** chamadas da **Mañeta, Garañón, Lugo, Magdalena de Recatelo, Lousiñas e Estrada do Cemiterio**.


A partir do momento en que se aprobou a construción do parque, 1921, o alcalde Ángel López Pérez fixo xestións para adquirir as leiras necesarias para que fose o máis amplo e variado posible.



Casa de Esperanza Piñeiro




A cortiña do Garañón estaba nas inmediacións de Recatelo



Escanéame para leerme en castellano!


Concello de Lugo
ALCALDÍA
Medio Ambiente



LUGO
cidade viva